

Aproximación ao estudo dos fraseoloxismos acromáticos con corpus: *en negro* e os seus equivalentes de tradución ao ruso

Approach to the study of colour idioms with achromatic components (corpus “en negro”) and their translation counterparts in Russian

Gloria Corpas Pastor
Universidad de Málaga
gcorpas@uma.es¹

Anastasia Kovaleva
Universidad de Málaga
akovaleva@uma.es

Resumo: O presente traballo céntrase nun aspecto moi pouco investigado no ámbito da fraseoloxía contrastiva. Preséntanse os resultados dun estudo sobre fraseoloxismos acromáticos (unidades fraseolóxicas con *blanco* ou *negro* entre os seus compoñentes) no par de linguas español-ruso. Pártese da locución española *en negro* e os seus equivalentes de tradución ao ruso. O español amósase máis rico con respecto ao número de acepcións fraseolóxicas da unidade e o número de locucións e colocacións asociadas en concreto á acepción de ilegalidade/irregularidade. Ademais, as unidades fraseolóxicas españolas presentan unha maior polisemia e variabilidade. O ruso, en cambio, amósase máis parco e limitado. A abundancia de datos que se obteñen mediante a consulta a córpora e sistemas en liña presenta un gran contraste coa escaseza de información que achegan os dicionarios. De feito, os repertorios bilingües non resultan ser recursos demasiado útiles, no tipo de información microestructural e os equivalentes de tradución que proporcionan. As autoras propoñen utilizar córpora comparables e paralelos para realizar análises contrastivas baseadas en datos reais de uso e poder descubrir as técnicas e estratexias relevantes de tradución.

Palabras clave: corpus, tradución, lexicografía, fraseoloxía contrastiva, fraseoloxismos acromáticos.

Abstract : This paper covers an under-researched topic in the field of cross-linguistic contrastive phraseology. It presents the results of a study on colour idioms with achromatic components (that

Data de recepción: 19.5.2014. Data de aceptación: 4.9.2014

¹ O presente traballo encádrase (en parte) no seo do proxecto TRADITEC (PIE10-133).

is, phraseological elements regarding black or white) in Spanish and Russian. The starting point of this study is the Spanish idiom en negro and its translation counterparts in Russian. Spanish appears to have a wider range in terms of the number of phraseological senses of the idiom "en negro" and the number of other phraseological units associated with the basic sense of 'illegality' and 'irregularity'. In addition, Spanish idioms and collocations exhibit a higher degree of polysemy, whereas Russian seems to be more restricted in the number and variety of choices. The wealth of data obtained from looking up the nodes in on-line and web corpora contrasts sharply with the limited information found in dictionaries. It seems that bilingual dictionaries are not too helpful, when it comes to microstructural information and translation equivalents. The authors suggest the use of comparable and parallel corpora in order to carry out usage-based contrastive analysis as they unveil relevant translation strategies and techniques.

Keywords: corpus, translation, lexicography, contrastive phraseology, acromatic phraseological units.

1. Introducción

Os estudos contrastivos constitúen un dos ámbitos máis fértiles para a investigación fraseolóxica. As investigacións que se realizan nesta área teñen por obxecto establecer relacións de equivalencia entre as unidades fraseolóxicas ou fraseoloxismos² de dúas ou máis linguas, coa intención de determinar o grao de correspondencia e as técnicas e estratexias de tradución. A fraseoloxía rusa atendeu especialmente a vertente contrastiva dende sempre cos traballos pioneiros de Shanskij (1957) e, máis en especial dende mediados dos oitenta, con Smirnitskij (1985), que deron paso a outros máis recentes, entre os que destacaremos o de Shepeleva (2009), sobre aspectos xerais da tradución da fraseoloxía rusa; o de Gholobova (2005), sobre as unidades fraseolóxicas (UF) bíblicas en ruso, español e inglés; e o de Arsentieva (2006), sobre a comparación dos fraseoloxismos dende o punto de vista semántico en ruso e en inglés, por citar só algúns. Tamén na década dos oitenta asistimos ao tímido comezo da fraseoloxía contrastiva en España (véxanse os traballos desa época recollidos no volume recompilatorio posterior de Corpas Pastor, 2003), que non remata de despegar ata finais dos noventa (véxase Mellado Blanco, 1997, 1999, e os traballos editados por Corpas Pastor, 2000). En canto ao par de linguas español-ruso, destaca o traballo de Guillén Monje (2004), centrado no estudo dos fraseoloxismos somáticos dende unha perspectiva contrastiva, así como diversas teses de doutoramento realizadas por investigadoras rusas no noso país, entre as que citaremos a de Timofeeva (2008), centrada nos aspectos tradutolóxicos da fraseoloxía no par de linguas que nos ocupan, e a de Zholobova (2011), sobre unidades fraseolóxicas de orixe bíblica.

Hoxe en día, as últimas tendencias na investigación de unidades fraseolóxicas céntranse na comparación dos fraseoloxismos de sistemas lingüísticos distintos, pero con especial

² Ao longo do noso estudo utilizaremos os termos *unidade fraseolóxica* (*фразеологическая единица*) e *fraseoloxismo* (*фразеологизм*), por entender que ambos os dous sinónimos son denominacións de carácter xeral (cf. Corpas Pastor, 1996: 18). Ademais, esta é tamén a tendencia na fraseoloxía rusa dende os seus comezos: Vinogradov (1946[1977], 1947[1997]) e Shanskij (1963), por exemplo, usan as dúas denominacións, aínda que algúns autores amosen preferencia pola primeira (Arkhangel'ski, 1964) e outros, pola segunda (Telia, 1996; Baranov e Dobrovol'skij, 2008).

referencia ao seu comportamento pragmático-discursivo e á aplicación de metodoloxías que inclúen córpora, así como técnicas e ferramentas de procesamento de linguaxe natural (Corpas Pastor, 2013). O noso traballo encádrase, precisamente, nestes novos enfoques dos estudos fraseolóxicos baseados en córpora. Por iso, propoñémonos comparar os fraseoloxismos acromáticos de dúas linguas tipoloxicamente distantes (ruso e español), con especial referencia ao caso das UFs que conteñen *negro/ чёрный* entre os seus compoñentes.

2. Os fraseoloxismos de cor

Como indica Corpas Pastor (2003), os estudos de fraseoloxía contrastiva tenden a centrarse en campos léxico-fraseolóxicos, metáforas cognitivas, series fraseolóxicas e grupos de unidades fraseolóxicas que comparten un mesmo tipo de compoñente, como, por exemplo, os numerais, as partes do corpo (somatismos), os nomes de animais ou as cores. Precisamente, os fraseoloxismos con compoñentes de cor despertou certo interese na fraseoloxía española (Szalek, 2005), e en comparación con outras linguas, como o polaco (Tatoj, 2006) ou o grego moderno (Chelmi, 2009). Pero foi en Rusia onde máis se estudou o fenómeno nos últimos anos, como demostran as teses de doutoramento³ de Nedel'cho (2000), Zakirov (2003), L'ukina (2004), Prachenko (2004), Safina (2004), Kir'ianov (2005), Rogulina (2006), Shevchenko (2007), Zavialova (2007), Li (2009), Nazirova (2009), Zol'nikova (2010) e Petkelite (2011). Estes traballos realizáronse dende a perspectiva monolingüe e rara vez teñen en conta datos empíricos, pois céntranse en exclusiva na lingüística, a fraseoloxía e a lexicografía teóricas. Ademais, a maioría dos estudos rusos sobre o tema baséanse nun corpus literario dun ou varios autores de épocas pasadas. Deste xeito, algunhas investigacións, ademais de teren carácter diacrónico, presentan unha serie de restricións temporais. Outros parten dos dicionarios, o que, por unha banda, proporciona unha perspectiva máis ampla, en comparación cos casos anteriores, pero tamén bastante limitada xa que non todas as UFs aparecen en dicionarios. Por outra banda, non se atopan traballos que traten o tema dende a perspectiva pragmática ou dende as vertentes contrastivas e traditolóxicas, como facemos neste traballo. Tampouco parecen aplicarse córpora nin técnicas de Procesamento de Linguaxe Natural (PLN).

Os fraseoloxismos de cor poden ser cromáticos e acromáticos. Esta división responde aos estudos lingüísticos sobre as formas de expresar os conceptos de cores nas distintas linguas. A teoría das cores defendida por Berlin e Kay (1969), e baseada na análise realizada para vinte linguas diferentes, establece que a categorización mental das cores en falantes de distintas linguas non é arbitraria nin está totalmente determinada pola súa lingua, senón que se estrutura ao redor das cores básicas (prototípicas ou máis claramente diferenciábeis). Segundo esta teoría, as categorías de cores gardan relación cos patróns neurolóxicos nos que se basea a percepción da cor; e establécense once

³ Os traballos que aparecen a continuación realizáronse co fin de obter o título de *Кандидат наук* (Candidate of Sciences) que non corresponde a ningún título do sistema educativo europeo, pero a miúdo considérase equivalente ao título de Doutor.

cores relevantes para todas as linguas (Berlin e Kay, 1969). Destas cores, destacan seis básicas ou fundamentais, situadas en catro grupos (*stages*): branco e negro; vermello; verde ou amarelo; azul; e outro grupo adicional que inclúe as cores non básicas, pero comúns en todas as culturas: rosa, castaño, violeta (morado) e gris. Igualmente, Küppers (1972) estableceu oito cores elementais que corresponden ás oito combinacións posibles de percepción do órgano da vista. Trátase de tres cores primarias (o vermello, o verde, o azul), tres secundarias (o amarelo, o azul ciano, o maxenta), máis as dúas cores acromáticas, o branco (a combinación das tres primarias) e o negro, que é a ausencia das tres. Nunha liña similar van outros estudos de antropoloxía e psicoloxía máis recentes, dedicados á análise do código cromático e a súa evolución a través da historia da humanidade, coma o de Saunders (2002), que estableceu unha serie de cores primarias universais para todas as linguas.

Tendo en conta estas teorías, distinguimos entre fraseoloxismos cromáticos (FC) e fraseoloxismos acromáticos (FA), de acordo co compoñente de cor que conteñan. A continuación ofrecemos algúns exemplos de FC e FA para o par de linguas español-ruso:

- (a) Fraseoloxismos cromáticos: **E.** *príncipe azul, poner verde a alguen, pasarlas moradas, de color de rosa, comerse un marrón, materia gris* | **R.** *голубая кровь* (“sangue azul”), *До зеленого змия* (lit. “ata a serpe verde”, “ata o delirio”), *пускать красного петуха* (lit. “soltar o galo vermello”, “prender lume”), *желтый дом* (lit. “casa amarela”, “manicomio”), *синий чулок* (lit. ‘media azul’, “[muller] sabichona”).
- (b) Fraseoloxismos acromáticos: **E.** *quedarse en blanco, más blanco que la leche, dar en el blanco, tener la negra, estar negro por algo, garbanzo negro* | **R.** *белая горячка* (lit. “febre branca”, “síndrome de abstinencia do alcohol”), *шито белыми нитками* (lit. “cosido con fíos brancos”, “[estar] pouco disimulado”), *увидеть белый свет в клеточку* (lit. ‘ver a luz branca a cadriños’, “estar entre reixas”), *чернее тучи* (lit “máis negro ca unha nube”, “moi negro/negro coma X”), *чёрный юмор* (“humor negro”), *чёрный список* (“lista negra”).

A natureza dos fraseoloxismos de cor causa numerosas dificultades á hora de traducilos xa que a definición de cores varía segundo a cultura da lingua en cuestión, por unha parte; e, pola outra, garda relación co aspecto psicolóxico, como se salienta a partir dos estudos de lingüística e de antropoloxía social. Nos apartados que seguen imos tratar aspectos culturais, (in)equivalencia e correspondencia entre os FA no par de linguas ruso-español a través dunha análise empírica mediante metodoloxía de corpus.

3. A metodoloxía de análise

Por evidentes limitacións de espazo, resulta imposible ofrecer neste traballo un estudo exhaustivo de todos os fraseoloxismos acromáticos do español e os seus equivalentes

de tradución ao ruso. Por este motivo, no que segue unicamente ofreceremos un resumo da nosa proposta metodolóxica, así como un exemplo ilustrativo.

A metodoloxía de análise que imos seguir componse de dúas partes ben diferenciadas. Nunha primeira fase, localízanse, identifícanse e selecciónanse os fraseoloxismos obxecto de estudo⁴. Neste caso só nos imos ocupar da locución española *en negro*. Nunha segunda fase, realízase un estudo individualizado de cada fraseoloxismo dende unha perspectiva pragmático-discursiva con metodoloxía de corpus, contrastando os resultados cos obtidos de analizar o seu equivalente de tradución correspondente, xa se trate doutro fraseoloxismo acromático, un fraseoloxismo cromático, outro tipo de unidade fraseolóxica ou ben un equivalente non fraseolóxico. Neste punto, seguimos o modelo contrastivo proposto por Corpas Pastor (2013), que se basea en análises de exemplos procedentes de córpora e de Internet mediante o uso de programas e ferramentas de xestión da rede. Así, primeiro ofrécese unha interpretación básica do fraseoloxismo ou fraseoloxismos seleccionados a través dos repertorios lexicográficos dispoñibles. A continuación estúdase a forma real do fraseoloxismo no corpus, así coma os casos de variación e as variantes posibles que aparecen para a UF seleccionada entre os resultados dos córpora en cuestión e mediante WebCorp. Como explica Corpas Pastor (2013: 55), a finalidade da análise é establecer os nodos fraseolóxicos, as súas variantes e as súas modificacións creativas, ademais da posible co-existencia de varias UFs sobre unha mesma base. Neste senso, a xestión da rede Internet mediante WebCorp resulta especialmente útil no caso dos fraseoloxismos de baixa frecuencia de aparición no discurso (Corpas Pastor, 2014: 146). A última etapa supón a análise contrastiva da(s) UFs no par de linguas seleccionado, as súas propiedades (a fixación e a produtividade), o seu comportamento a nivel textual e os seus patróns combinatorios. Así mesmo, Corpas Pastor (2013: 366) recorre a Linguee (<http://www.linguee.com>), un sistema CLIR (*cross-language information retrieval*), isto é, unha ferramenta que xestiona a rede Internet coma un corpus paralelo de enormes dimensións. Na actualidade Linguee non está dispoñible para o par de linguas ruso-español, polo que tivemos que descartar o uso desta ferramenta para a presente investigación. Así pois, para este estudo de caso basearémonos en dous córpora monolingües en liña e un sistema de xestión da rede como corpus:

⁴ O material para o estudo proporcionánnolo dicionarios monolingües e bilingües, xerais e fraseolóxicos, en ámbalas linguas. Concretamente, para o español consultamos os seguintes dicionarios monolingües: *Diccionario del español actual* [DEA] (Seco, Andrés y Ramos, 1999), *Diccionario de la lengua española* [DRAE] (Real Academia Española, 2001) e o *Diccionario del uso de español* [DUE] (Moliner, [1988]2007). Para o ruso consultamos o *Толковый словарь русского языка* [TSRJ] (Ozhegov e Shvedova, 2004). En canto aos dicionarios fraseolóxicos monolingües, consultamos o *Diccionario fraseológico del español moderno* [DFEM] (Varela e Kubarth, 1994), o *Diccionario fraseológico documentado del español actual* [DFDEA] (Seco, Andrés y Ramos, [2004]2006), o *Diccionario de locuciones adverbiales para la enseñanza del español* [DLAEE] (Penadés Martínez, 2005) e, para o ruso, *Фразеологический словарь русского языка* [FSRY] (Molotov, 1967) e *Русские фразеологизмы* [RF] (Felitsina et alii, [1990]1994). Tamén fixemos uso de repertorios bilingües xerais e fraseolóxicos, a saber, o *Gran diccionario español-ruso* [GDER] (Zagorskaya e Kurchatkina, 2004) e o *Gran diccionario ruso-español* [GDER] (Turover e Nogueira, 2009), así como un metadicionario bilingüe español-ruso/ruso-español en liña (<http://www.diccionario.ru>). Por outro lado para completar a listaxe das unidades, empregamos tamén os corpus en liña e sistemas de xestión da rede utilizados para a análise contrastiva baseada en corpus mencionados no corpo do presente traballo.

- (a) CREA-Corpus de Referencia del Español Actual: [<http://www.corpus.rae.es/creanet.html>];
- (b) CNR-Национальный корпус русского языка [Corpus Nacional Ruso]: [<http://ruscorpora.ru/index.html>];⁵ e
- (c) WebCorp: [<http://www.webcorp.org.uk/live/>]⁶.

4. A secuencia [EN NEGRO] en español

O DRAE recolle o fraseoloxismo *en negro* baixo a entrada para o substantivo como locución adverbial de nivel coloquial e argótico, definida como: “Sin regularizar, fuera de la ley”. Resulta semanticamente próxima, pois, á acepción sétima do adxectivo *negro* (“clandestino, ilegal”), a que se ilustra mediante a colocación⁷ *dinero negro*. O DUE recolle tres acepcións do fraseoloxismo *en negro*: 1) “Aplicado a *fotografías, grabados, *películas, etc. hecho solo con los colores blanco y negro.”; 2) “Pagado o cobrado en dinero negro”; e 3). Arg. “Sin regularizar, ilegal”. Non inclúe a acepción “ilegal” para o adxectivo *negro*, pero si inclúe *mercado negro* como subentrada de *mercado* (é dicir, como locución nominal), que se define así: “Actividad de compra y venta clandestina de artículos que, por estar tasados, por estar prohibida su venta o su importación, etc., no se pueden adquirir en el mercado legal.”

Ningún dos dous dicionarios⁸ ofrece exemplos ou acotacións de uso para o fraseoloxismo. Co propósito de analizar as propiedades combinatorias de *en negro*, procederemos a

⁵ O *Corpus de Referencia del Español Actual* (CREA) da RAE contén uns 200 millóns de palabras. Inclúe textos orais e escritos, de distintos países de fala hispana, comprendidos entre 1975 e 2004. O *Corpus Nacional Ruso* (CNR) conta con máis de cincocentos millóns de palabras dende principios do século XVIII ata a actualidade. Ambos corpus son comparables, en tanto comprenden compoñentes narrativos, periodísticos, orais, etc. Os dous ofrecen a posibilidade de acotar as buscas mediante o emprego de filtros. Diferéncianse en que o CNR é máis versátil que o CREA e, a diferenza deste, permite consultar o corpus ruso lematizado e analizado morfosintacticamente.

⁶ WebCorp, un dos sistemas máis utilizados hoxe en día, foi creado polo RDUES (*Research and Development Unit for English Studies*) da Universidade Central de Inglaterra, en Birmingham. Entre as súas vantaxes podemos destacar as seguintes: é un programa gratuito, de libre acceso, que funciona como metabuscador e como xerador de concordancias para documentos en .HTML e .TXT. O traballo de WebCorp consiste do proceso de optimizar as estratexias de busca mediante secuencias truncadas ou expresións regulares e ofrecer os resultados mediante tales operacións como a lematización, o aliñamento, a extracción de colocacións e n-gramas. Este sistema localiza motores de busca que conduzan a páxinas web relevantes para a secuencia de busca, recibe acceso a ditas páxinas, realiza unha análise do documento (*parsing*) no seu formato orixinal e extrae liñas de concordancia segundo a estratexia de busca e os parámetros de presentación definidos polo usuario. Como secuencia de saída (*output*), WebCorp usa o formato KWIC (*Key Word in Context*), que constitúe liñas de concordancia co nodo centrado e en contexto (aparecen entre 1 e 50 palabras á dereita e esquerda). Os resultados recíbense en .HTML ou en .TXT. Outra opción de busca permite determinar se na busca se distingue entre maiúsculas e minúsculas (*Case Sensitive/Case Insensitive*), ou se é necesario que as liñas de concordancia obtidas amosen a URL da páxina de orixe. Tamén se ofrece información sobre a lonxitude de páxina, así como a porcentaxe de ocorrencias totais (*type/token*).

⁷ Sobre o concepto de colocación, seguimos a Corpas Pastor (1996: 66 y 73). A UF *dinero negro* sería unha colocación de substantivo + adxectivo, na que *dinero* é a base semanticamente autónoma, e *negro* é o colocativo, cuxa acepción vén determinada pola base.

⁸ Este fraseoloxismo non se atopa recollido no DLAE, nin no DFEM, nin no DEA, nin no DFDEA.

realizar unha busca da secuencia no CREA e na rede Internet a través de WebCorp. A modo de ilustración, na Táboa 1 amósanse algunhas liñas de concordancias aliñadas na posición 1 á esquerda mediante WebCorp.

66:algunos de los vestidos de novia con motivos <u>en negro</u> que nos han llamado la atención. En la imagen, 169: MADRID Etiquetas: Juez Pablo Ruz · PP · pagos · <u>en negro</u> · reforma · sede · calle Génova · Unifica El
126:Zamora Tweet Más de 5.000 zamoranos trabajarían « <u>en negro</u> », según los datos de Estadística Las cifras de
126: Alrededor de 18.000 personas estarían trabajando <u>en negro</u> según la última EPA M. Chaves - Lunes, 05 de
210: I hecho de tener una boda con detalles <u>en negro</u> , significa que te gusta innovar y que no te
128: No obstante, el aforramiento de los ocupados <u>en negro</u> sigue siendo muy complicado en un territorio tan
13:proporción de población que confiesa trabajar <u>en negro</u> son Letonia, Holanda y Estonia (11%), Dinamarca
212: que sea que elijas para decorar con detalles <u>en negro</u> , sorprenderás y serás una novia diferente, que
52: del nuevo convenio J.M. Serrano Un fundido <u>en negro</u> sustituye a las emisiones de Canal Sur TV A las
7: ara asistir a una cena informal. ¿Qué look <u>en negro</u> te ha gustado más? ¿Qué opinas? Credit Photos /
20: negro hacienda apenas destapa 4.700 alquileres <u>en negro</u> tras investigar el consumo eléctrico en 2012 la
11: 14:46 horas 27 El 5% de los españoles trabaja ' <u>en negro</u> ', una cifra ligeramente superior al 4% de media
31: e los ciudadanos españoles reconoce trabajar " <u>en negro</u> ", una cifra que se sitúa ligeramente por encima
131: negro. Cubierta Esta es la cubierta de Fundido <u>en negro</u> , una antología de relatos en la que participo
1: de la... Camisetas con un mensaje para Rajoy <u>en negro</u> y dorado: "Sr. Presidente, tengo hambre" Lanzan
36: Aquí prácticamente todos los autónomos trabajan <u>en negro</u> , y la mayoría tributan muy muy poco. El problema
92: Vídeos El Corte Inglés Detalles para una cocina <u>en negro</u> y acero Recrea el estilo de una de una de
197: a valores de fábrica. Ahora la pantalla está <u>en negro</u> , y no pasa de ahí por muchos botones del mando

Táboa 1. Concordancias aliñadas a 1-ESQ. para a secuencia [EN NEGRO] (WebCorp)

Os resultados da análise apuntan á coexistencia do fraseoloxismo polisémico *en negro* coa secuencia literal homónima que fai referencia a esta cor acromática primaria. Nestes casos funciona como atributo en posición posnominal de substantivos que denotan pezas de vestiario, detalles ou complementos (*tocado, vestido, zapatos, botones, guantes, look*, etc.), acabados (*biocromatizado de metal, metalizado, acabado*, etc.) e outros con respecto aos que só denota cor (*tatuaje, decoración, pintada, cartucho*, etc.). Por extensión metonímica, a secuencia [EN NEGRO] fai referencia tamén á interrupción anormal do funcionamento da pantalla dun dispositivo electrónico, en especial no caso das pantallas de televisores, ordenadores e teléfonos móbiles. Nese caso, adóitase colocar cos verbos *estar, ponerse e quedarse* e, polo xeral, co substantivo *pantalla* en función de suxeito (en menor medida cos substantivos *televisor, ordenador, equipo, móvil* e similares, en cuxo caso sobreenténdese que a referencia é, precisamente, á pantalla de tales dispositivos). Esta fraseoloxización metonímica poderíase considerar como unha acepción máis do fraseoloxismo que, a súa vez, coaparece coa palabra *fundido*, para dar lugar a unha nova locución terminolóxica (*fundido en negro*), específica do ámbito cinematográfico e que denomina un tipo de transición entre esceas.⁹ Tamén constitúe unha acepción metonímica

⁹ Na linguaxe cinematográfica, o *fundido en negro* (tamén *fundido a negro* ou *fade out*) denomina un plano de transición gradual entre escenas, o que se vai facendo cada vez máis escuro, ata que na pantalla se fai o negro. Este tipo de plano de transición pode tamén fundir a branco (*fundido en blanco*) ou a cor (*fundido a color*), en cuxo caso a pantalla aparece totalmente en branco ou en cor (cf. DTAC).

a que se recolle no DUE con respecto ao ámbito da fotografía, os gravados ou as películas realizadas só en branco e negro, en oposición ás realizadas en cor. Nese caso, *negro* asume, por así dicilo, a representación referencial da gama acromática (branco e negro). Con todo, non se atoparon exemplos desa acepción nas liñas de concordancia analizadas; si, polo contrario, con *en blanco y negro* con ese mesmo significado: “*fotografía en blanco y negro*”, “*pintura en blanco y negro*”, “*película en blanco y negro*”, “*cortometraje en blanco y negro*”, “*cine en blanco y negro*”, “*documental en blanco y negro*”, etc.

Pero a maioría dos exemplos de uso fraseolóxico da secuencia corresponden á acepción recollida no DRAE, que denota carácter ilegal, clandestinidade, situación irregular, etc. Neste caso, a secuencia entra a formar parte de cláusulas en función de complemento circunstancial (locución adverbial) ou ben como atributo dun sintagma nominal (locución adxectiva). Cando funciona como locución adverbial,¹⁰ adoita colocarse con a) verbos que denotan operacións económicas, transaccións comerciais ou relacións laborais (*trabajar; alquilar; vender; pagar; comprar*); e b) verbos deslexicalizados (verbos soporte) que entran a formar parte de colocacións verbo-nominais con substantivos deverbais ou da mesma base derivativa (*hacer/realizar una donación, una compra, una venta, un alquiler; un pago; recibir/percibir un sueldo*), polo xeral nas posicións 1 e 2 á esquerda. O patrón verbal pode ser intransitivo: 1. VB + [EN NEGRO], por exemplo, “*trabajar en negro*”; ou transitivo: 2. VB + SN + [EN NEGRO], por exemplo, “*pagar sobresueldos en negro*”. Os substantivos que adoitan coaparecer en función de obxecto directo e formar colocacións concatenadas son, ademais dos substantivos deverbais ou derivados das colocacións verbo-nominais indicadas máis arriba, substantivos que denotan inmobles (*vivienda, piso, local*), cantidades de diñeiro (*miles de euros, 200.000 euros, mucho dinero*), pagos (*sueldo, jornal, salario, sobresueldo*) e servizos (*servicio, obra*).

As formas verbais que entran en colocación co fraseoloxismo adoitan estar restrinxidas á terceira persoa singular e plural do presente ou do pasado de indicativo, ou ben son participios que funcionan como atributos dun verbo copulativo e que tamén denotan unha clara fixación en terceira persoa. En ocasións atópanse infinitivos cando se trata de cláusulas completivas de obxecto directo ou de infinitivo. A deixé en terceira persoa está en consonancia coa prosodia semántica ou valoración negativa implícita no uso desta unidade. Polo xeral, os substantivos que adoitan constituír os suxeitos axentes da acción “ilegal” –e, polo tanto, ‘reprochable socialmente’–, adoitan ser políticos, empresarios e altos cargos, ou ben cidadáns anónimos, nun ambiente de corrupción xeralizada, como se observa nas liñas de concordancia que figuran a continuación:

¹⁰ Existe unha variante funcional cun sentido similar, constituída pola colocación *dinero negro* como termo das preposicións *en* e *con*, coas que forma sintagmas prepositivos que funcionan como complementos circunstanciais de verbos: “*pagar con dinero negro*”, “*traficar con dinero negro*”, “*hacer chalets con dinero negro*”, “*cobrar sobresueldos en dinero negro*” e como complementos prepositivos de substantivos: “*sobres con dinero negro*”, “*pago con/en dinero negro*”, “*comisión en dinero negro*”, “*bolsas con dinero negro*”, “*actividades en dinero negro*”, etc.

de las Corts, Juan Cotino, pagó 200.000 euros en negro a través de la empresa familiar Sedesa para de personas que conocen a gente que trabaja "en negro", que con un 33% supera la media de la UE del sumergida y el fraude al parado que trabaja en negro para poder comer, al dueño de una pyme que paga empleado demanda al Ayuntamiento por trabajar "en negro" 45 días 06.05.2014 | 05:34 Soto del Barco, por ello El juez Ruz constata que el PP pagó en negro parte de las obras de Génova. Se basa en un para detectar si las viviendas están alquiladas en negro. Hacienda prevé ir contra los propietarios pero estos casi 18.000 ciudadanos estarían empleados 'en negro'. La comparativa entre la EPA y la afiliación

Táboa 2. Liñas de concordancias que amosan colocacións para a secuencia [EN NEGRO]

Rara vez aparece a forma verbal en primeira persoa, agás algún exemplo aillado, no que o falante se refire a si mesmo como vítima dunha situación irregular á que se viu conducido en certo modo, o que o exoneraría en parte da responsabilidade ética. A continuación amosamos dous exemplos extraídos mediante a funcionalidade de acceso ao parágrafo de WebCorp. O primeiro é un fragmento dunha consulta realizada ao blog *Fraude Fiscal*¹¹, no que o suxeito elude a súa responsabilidade que recae nunha terceira persoa, pois é o xefe o que lle causou o problema fiscal ao empregado, que busca o xeito de solucionar o:

Tengo una duda sobre la que no encuentro solución en ningún foro y por eso me he decidido a plantearse, ya que me parece el lugar más adecuado para resolverla. Llevo cobrando una parte de mi sueldo en "negro" desde hace varios años. En varias ocasiones le he planteado a mi jefe que aparezca en nómina la cantidad total que recibo a lo cual él se niega abiertamente.

No segundo exemplo, un comentario a un artigo na versión dixital do diario *El Economista*¹² con data 25 de marzo de 2014, asistimos a unha deixé de primeira persoa que produce un efecto expresivo. Este comeza por unha recreación da oralidade coloquial, e vese reforzado pola manipulación creativa consciente, mediante a actualización simultánea dos planos literal e figurativo da unidade a través dunha referencia literal e directa á cor da raza do emisor, quen, dalgún xeito, xustifica o seu proceder ante a actual situación político-económica do país:

IVAN [sic] EL NEGRO. Yo todo en negro, ademas [sic] soy negro, de guinea [sic], soy autonomo [sic] pero el tema está tan mal que si tuviese que declarar todo no tendria [sic] ni para beberme una caña...asi [sic] que...todo lo que puedo, en negro...y estos políticos[sic].....que se jod.a.n [sic]

Os casos nos que un suxeito se refire a si mesmo adóitanse producir en estilo indirecto, cando o emisor afirma que dito suxeito negou ou admitiu a veracidade da "acusación" velada contra el. A valoración nestes casos segue sendo negativa e vén marcada pola

¹¹ <http://www.fraudefiscal.es/consultas/>. [Data de consulta: 16/05/2014].

¹² <http://www.economista.es/indicadores-espana/noticias/5649248/03/14/Solo-el-5-de-los-espanoles-admite-trabajar-en-negro-por-encima-de-la-media-UE.html#.Kku8bYpLmTiNcbd>. [Data de consulta: 16/05/2014].

elección do verbo que introduce o estilo indirecto, tanto para refutar (*negar*) como para confirmar (*admitir, confesar, reconocer*):

...negó ante el juez que hiciera ninguna donación en negro El extesorero del PP Luis Bárcenas ha insistido...
...proporción de población que confiesa trabajar en negro son Letonia, Holanda y Estonia (11%), Dinamarca...
...de los ciudadanos españoles reconoce trabajar "en negro", una cifra que se sitúa ligeramente por encima...
...Páez admitió ante Ruz haber percibido su sueldo en negro "de los donativos que no se declaran" "Yo veo..."

Táboa 3. Liñas de concordancias que amosan valoración negativa para a secuencia [EN NEGRO]

En canto á función adxectiva do fraseoloxismo, adoita colocarse cos mesmos tipos de substantivos deverbais ou da mesma raíz que os verbos referidos máis arriba (*pago, trabajo, empleo, alquiler, cobro, donación, compra, venta*), do mesmo xeito que substantivos que denotan diñeiro (*dinero, precio, valor*), mais rara vez colócase con substantivos que denotan inmobles directamente (cf. "*acepté un 30% del precio del piso en negro*"), pois cando se especifica o ben inmueble adoita ser como complemento prepositivo do substantivo verbal (cf. "*campañas para perseguir el alquiler de pisos en negro*").

...5.800 millones de euros. Se trata de un dinero en negro que elude todos los mecanismos de control de la...
...plataforma europea para luchar contra el trabajo en negro Economía 09 de Abr de 2014 - 09:18 PM Aunque es...
...algunos de ellos, de presuntas irregularidades -pagos en negro- en relación con el fichaje por el Mil...

Táboa 4. Liñas de concordancias que amosan colocacións para a secuencia [EN NEGRO] en función adxectiva

5. Os equivalentes con *чёрный* en ruso

Unicamente dous dicionarios bilingües co ruso (o DFER e o metadicionario electrónico) inclúen *en negro* na súa microestrutura. Con todo, de entre todos os valores semántico-pragmáticos que presenta a secuencia [EN NEGRO], só recollen a acepción relativa á modalidade en branco e negro específica dos ámbitos fotográficos e cinematográficos. Ámbolos dicionarios ofrecen como equivalente de tradución *чёрно-белый* (lit. "de cor negra e branca", "en branco e negro"), e especificase que se adoita aplicar a termos relacionados co mundo do cinema, a fotografía e similares: "(о *фотографиях, фильмах и т. н.*)". O metadicionario ofrece, ademais, exemplos de uso¹³ do fraseoloxismo español, extraídos de xornais dixitais en dita lingua, datados en 2006. Curiosamente, ningún deses exemplos corresponde á acepción cinematográfica e fotográfica do fraseoloxismo español que se rexistra nos dicionarios bilingües, nin, por suposto, gardan relación algunha ditos exemplos co equivalente ruso proposto. Así, dos cinco exemplos en español, un deles corresponde á locución (*poner/en negro sobre blanco* ("por escrito")) e as outras catro, á acepción "sen regularizar, fóra da lei" da locución, que está relacionada, á súa vez, coa acepción "clandestino, ilegal" do adxectivo *negro* cando se coloca con *dinero e mercado*.

¹³ E, viceversa, é dicir, tamén se ofrecen exemplos de uso en ruso, se a secuencia de busca é unha palabra ou expresión rusa.

A consulta ao Corpus Nacional Ruso amosa colocacións típicas do fraseoloxismo чёрно-белый con función atributiva na posición 1 á dereita (cf. Táboa 2), que se corresponden coa acepción recollida nos dicionarios bilingües: телевизор (“televisor”), фильм (“película”), экран (“pantalla”), негатив (“negativo”), кинематограф (cinematógrafo), снимок (“negativo”), сон (“soño”), изображение (“ímaxe”).

<i>люди могли бы установить нормальный</i>	чёрно-белый	<i>светофёр вместо полюбившегося им одноцветного</i>
<i>года. старуха дала какой-то древний</i>	чёрно-белый	<i>фильм. сказала, что я должен</i>
<i>что перевозила исцарапанную мебель, холодильник,</i>	чёрно-белый	<i>телевизор, цветы в горшках и</i>
<i>свет и, глядяываясь в маленький</i>	чёрно-белый	<i>экран, смотрели "щит и меч</i>
<i>слишком плотный и вдобавок исцарапанный</i>	чёрно-белый	<i>негатив, на котором почти ничего</i>
<i>на площадке перед подъездом полосатый</i>	чёрно-белый	<i>пост будочника, знакомый по иллюстрациям</i>
<i>там шел</i>	чёрно-белый	<i>клип эпохи древних фильмов — такой</i>
<i>окна в адриатику, погруженную в</i>	чёрно-белый	<i>сон венецийской зимы...</i>
<i>в ярко-красном пальто, сам фильм</i>	чёрно-белый	<i>, и в этом фишка, на</i>
<i>снимок принципиально</i>	чёрно-белый	<i>, как многие леонтьевские снимки (снимок</i>

Táboa 5. Liñas de concordancia para чёрно-белый (CNR)

Tamén se fai outra referencia ao mundo da natureza, máis especificamente, ao tempo ou outros fenómenos da natureza. Nestes casos, o adxectivo en cuestión colócase cos substantivos туман (“néboa”), снег (“neve”), пейзаж (“paisaxe”) que aparecen en función do complemento, seguindo as preposicións que corresponden aos casos gramaticais propios do ruso: в (“en”) e no (“sobre”). Polo xeral, a combinación da preposición, o adxectivo e o substantivo entra nunha dependencia do predicado expresado por verbo de movemento идти (“ir”), переходить (“pasar”, “traspasar”). En todos estes casos non só se denota a cor, senón tamén o contraste, igual que a locución española que transmite unha acepción metonímica con respecto ao ámbito do mundo da fotografía en branco e negro que aparece en oposición aos mesmos obxectos en cor.

Nos seguintes casos o adxectivo transmite o significado máis específico relacionado co tipo de vestimenta, como podemos ver no seguinte exemplo: “Посреди этого чёрно-белого большинства красуется, в чем приехал Параджанов” (“No medio desta multitude branca e negra Paradghanov alardea da roupa que trouxo posta”). Neste caso o adxectivo colócase co substantivo большинство (“a maioría”) en función do complemento circunstancial. A combinación чёрно-белого большинства (“multitude branca e negra”) fai alusión ao traxe negro e á camisa branca.

Outras colocacións, como, por exemplo, con вопрос (“cuestión”) e мир (“mundo”), fan referencia a unha acepción do fraseoloxismo ruso, que non existe en español, e que se usa para calificar ou opinar sobre situacións ou temas que teñen parte boa ou só mala.

Cando o adxectivo se une a un substantivo mediante as preposicións *к* (“a”) e *на* (“en”) achega ademais un trazo maniqueísta ou de elección excluínte, como se observa nos seguintes exemplos: “*чёрно-белый подход к ситуации*” (lit. ‘enfoque branco e negro á situación’), *чёрно-белый взгляд на мир* (lit. ‘unha mirada branca e negra ao mundo’). Neste caso, o fraseoloxismo ruso achégase ao significado fraseolóxico da locución *verlo (todo) /ser blanco o negro*; ou, incluso, ao de *todo o nada*, en español. Cando o adxectivo funciona como colocativo dos substantivos *мир* (“mundo”), actualiza a acepción “unívoco” ou “simple”. Nestes casos trátase dunha visión simplificada do mundo ou de certas situacións, como nos seguintes exemplos: *чёрно-белый мир* (lit. ‘o mundo en branco e negro’), *чёрно-белое видение мира* (lit. ‘a visión do mundo branca e negra’), *воспринимать мир чёрно-белым* (lit. ‘percibir o mundo en branco e negro’).

A maioría destes exemplos corresponde á primeira acepción do fraseoloxismo *en negro* que denota algo feito só coas cores branca e negra. Porén, o adxectivo conta cun significado máis amplo, atopámolo tanto aplicado en sentido directo, coma no sentido figurado.

O ruso non conta, con todo, cun fraseoloxismo similar a *en negro* na súa acepción de carácter ilegal, situación irregular ou clandestinidade, nin que amose un patrón colocacional tan amplo e variado. Existe a colocación *чёрный нал* (lit. ‘efectivo en negro’), que se correspondería en español coa colocación *dinero negro* ou a locución *en negro*. De feito, o GDRE recolle a colocación *чёрный нал* (lit. ‘efectivo en negro’) baixo a entrada para o substantivo *нал* (“efectivo”) como unidade de nivel coloquial co seguinte equivalente en español: “*Dinero negro (sucio)*” (cf. *dinero negro*).

Os resultados da análise inicial indican que, a diferenza da locución mencionada, a colocación rusa non fai referencia ningunha á cor acromática primaria. Igual que a locución española, a colocación rusa refírese polo xeral a unha acción ilegal por parte do falante ou outra persoa que persegue o fin de prestar un servizo sen pagar impostos. O seu patrón combinatorio abrangue substantivos que indican cantidade: *доля* (“parte”), *объем* (“volume”), *процент* (“porcentaxe”). A valoración ou prosodia semántica é, pois, negativa.

недавно «примкнувшему» к ним выражению «	чёрный нал».	
сам — строю коттеджи. за	чёрный нал.	секретарь парткома ищет заказы
стали кооператорами, перегоняющими «безнал» в «	чёрный нал».	
?? банков, дающий кредиты под	чёрный нал»	сейчас достаточно, развее что
до 175 тысяч. поэтому долой	чёрный нал!	при таких послаблениях избирательные
что под натиском новых правил	чёрный нал,	пожалуй, и отступит.
что в условиях жестких регламентаций	чёрный нал	— это не плохо и
6 тыс. человек больше. всюду —	чёрный нал	посмотреть иной раз телевизор
всем уже давно ясно: господствует	чёрный нал,	двойная бухгалтерия.
бюджетного комитета думы («единая россия»): «	чёрный нал	победит проблема контроля за

спонсорам партий и кандидатов, использующих	черный нал,	и, естественно, тем, кто
цивилизованного ведения бизнеса и придушить «	черный нал»,	взятки и откаты в
существовать до тех пор, пока	черный нал	будет «крутиться» в российской
ожидать, что где-то в экономике	черный нал	по-прежнему играет заметную роль

Táboa 6. Liñas de concordancias que amosan valoración negativa para a secuencia [черный нал]

Tamén coaparece con substantivos que denotan actos ilegais, como *воровство* (“latrocinio”); causa ou consecuencia de tales actos, como *риск* (“risco”), *шантаж* (“chantaxe”), e formando outras colocacións da mesma área, como *отмывание денег* (“branqueo de diñeiro”), *чёрный фонд* (“fondo negro”), *чёрный пиар* (“relacións públicas negras”, lit. “relacións públicas negativas”).

A maioría dos exemplos de uso fraseolóxico da colocación corresponden á acepción recollida no DFRE, que denota carácter ilegal, clandestinidade, o que coincide coa acepción do fraseoloxismo *en negro*. Polo xeral, esta colocación forma parte de cláusulas en función de suxeito, obxecto directo, ou ben complemento circunstancial. Cando desempeña o papel do suxeito da oración, adoita colocarse cos verbos que denominan relacións de poder ou situacións bélicas *господствовать* (“predominar”), *отступить* (“retroceder”), *побеждать* (“vencer”). O patrón verbal pode ser intransitivo: VB + [чёрный нал], por exemplo, “господствует чёрный нал” (“predomina o diñeiro negro”). Por outro lado, resultan frecuentes os exemplos de uso da colocación *чёрный нал* (lit. ‘efectivo en negro’) como obxecto directo. Nestes casos, a colocación aparece en forma de acusativo sen preposición, en posición posverbal e combínase cos verbos da lingua xeral *уменьшить* (“diminuír”), *использовать* (“usar”) e os verbos que pertencen ao rexisto coloquial que aparecen en sentido metafórico ou figurado, como *придушить* (“estrangular”), *крутить* (“torcer”) e *пустить* (lit. “destinar”). O patrón verbal que segue no último caso sería: VB + [чёрный нал] +preposición +SN, por exemplo, *пустить чёрный нал на что-либо* (lit. ‘destinar diñeiro negro a/para algo’).

As formas verbais que entran en colocación co fraseoloxismo adoitan estar restrinxidas á terceira persoa singular do presente ou do pasado, o que en numerosas ocasións explícase polo papel do axente da acción implícita na colocación *чёрный нал* (lit. ‘efectivo en negro’), ou ben son participios que funcionan como atributos dun verbo copulativo. A diferenza do que observamos no caso da locución en español, non atopamos a colocación en formas plurais. Así mesmo a colocación adoita constituír o suxeito axente da acción ‘ilegal’. Nos casos nos que a colocación non forma parte de cláusulas nesta función, os substantivos que adoitan funcionar como suxeitos son tamén políticos, empresarios, altos cargos e persoeiros.

A continuación amosamos un exemplo extraído mediante a funcionalidade de acceso ao parágrafo de WebCorp. É un fragmento dun blog dedicado ao mundo das artes escénicas¹⁴,

¹⁴ <http://nash-sovremennik.ru/p.php?y=2003&n=6&id=3> [Data de consulta: 17/05/2014].

no que o suxeito comenta sobre as reunións da sociedade de autores, xulgando aos cantantes e actores que intentan evitar pagar os impostos:

*Как всегда, говорили о дефолте, вмешавшемся в доходы, о крушении прежнего порядка, о воровстве артистов и менеджеров. Все стараются обойти налоги. С этим поймали Ротару, которая в номере гостиницы в Ростове взяла “чёрным налом” 15 тыс. долларов — свой гонорар за концерт*¹⁵.

Neste exemplo o falante retrata unha situación económica difícil que causa numerosas irregularidades. A valoración neste caso é negativa xa que se emprega o verbo que pertence ao rexistro coloquial *поймали* (“pillaron”) que en numerosas ocasións utilízase para falar sobre ladróns ou outro tipo de delincentes.

Pola súa parte, o adxectivo *чёрный* (“negro”) en solitario só se usa como sinónimo de “clandestino” ou “ilegal” no caso do fraseoloxismo *чёрная работа* (lit. ‘traballo negro’), que non corresponde a *trabajar en negro* en español (sería un falso amigo), senón que significa “*воровство*” (“roubo”) en argot.

Por outra parte, o verbo *получать* coaparece de forma recursiva coas colocacións formadas polo adxectivo *чёрный* e os substantivos *зарплата* (“salario”) e *нал* (“efectivo”): *получать чёрным налом* (lit. “recibir diñeiro en efectivo negro”), que sería *cobrar en negro* en español; e *получать чёрную зарплату* (lit. ‘recibir salario negro’), que á súa vez equivalería a *cobrar en negro* ou *percibir/recibir/cobrar el salario en negro*, en español. Neste caso de *получать чёрным налом*, dáse bastante variación no verbo co que se pode combinar a secuencia *чёрная зарплата* á esquerda: *взыскать* (“recadar”), *платить* (‘pagar’), *забрать* (‘recoller’), *(не) доплачивать* (‘(non) pagar o restante’) ou *легализовать* (‘legalizar’), entre outros.

6. Conclusión

Sen dúbida, existe unha relación intrínseca entre os fraseoloxismos e a cultura propia de cada lingua. De aí a importancia da análise semántico-comparativa para explicar a natureza das unidades fraseolóxicas, e poder detectar as similitudes e as diferenzas que regulan o seu uso nas distintas linguas e culturas. Os resultados obtidos teñen, ademais, unha aplicación práctica no ámbito da tradución. Neste contexto, o dicionario bilingüe resulta de especial interese á hora de determinar as correspondencias institucionalizadas entre os universos fraseolóxicos das linguas. Con todo, por agora seguen presentando evidentes debilidades e limitacións. A análise contrastiva con metodoloxía de corpus permite recoller datos fidedignos que poden completar e mellorar os equivalentes de tradución propostos, así como a información fraseolóxica que conteñen os dicionarios e repertorios bilingües ao uso.

¹⁵ “Como siempre hablamos sobre el tema de los ingresos económicos, sobre el colapso del viejo orden, sobre el latrocinio de los cantantes y sus representantes. Todo el mundo intenta evitar pagar impuestos. Así pillaron a Rotaru en su habitación de hotel en Rostov del Don con 15 mil dólares en negro que había cobrado por su concierto.” (Tradución das autoras).

Neste traballo abordamos os fraseoloxismos acromáticos, isto é, unidades fraseolóxicas con branco ou negro entre os seus compoñentes. Centrémonos no español e no ruso, e, máis en concreto, no caso de *en negro* e os seus equivalentes de tradución en ruso mediante unha metodoloxía de análise contrastiva baseada en corpus. En liñas xerais, pódese dicir que o español se amosa máis rico en número de unidades e matices, en especial para dar conta do semantismo asociado á ilegalidade, a clandestinidade e a irregularidade expresados no nivel fraseolóxico.¹⁶ Mentres o español conta cunha locución adxectivo-adverbial (*en negro*) e unha colocación substantivo-adxectivo (*dinero negro*), o ruso só conta cunha colocación substantivo-adxectivo (*чёрный нал*). Ademais, o fraseoloxismo español resulta máis polisémico e presenta maior variabilidade que o seu equivalente ruso, o que, á súa vez, conta con acepcións idiosincráticas (por exemplo, a de elección ou percepción excluínte ou simplificada). As súas propiedades sintáctico-combinatorias son, a miúdo, moi diferentes.

A abundancia de datos que se obteñen mediante a consulta a sistemas en liña e córpora comparables contrasta en gran medida coa escaseza de información que proporcionan os dicionarios. De feito, os repertorios bilingües non resultan recursos demasiado útiles, a vulgar polo tipo de información microestrutural e os equivalentes de tradución que proporcionan. De forma moi esquemática poderíamos dicir que á locución *en negro* e á colocación *dinero negro* lles correspondería o mesmo equivalente en ruso: *чёрный нал* (e as colocacións concatenadas con *зарплата* (“salario”) e *нал* (“diñeiro”): *получать чёрным налом* (lit. “recibir diñeiro en efectivo negro”), que sería *cobrar en negro* en español. Mais os dicionarios analizados non sempre ofrecen os equivalentes de tradución adecuados. De feito, os equivalentes en ruso adoitan ser parciais, pois non abranguen todas as acepcións españolas, e nas entradas correspondentes non se advirte das diferenzas de uso nin tampouco dos posibles casos de falsos amigos. Se for posible, sería desexable completar a análise con córpora paralelos en español e en ruso, co fin de comprobar tamén as correspondencias que se establecen cando se baixa do plano léxico-fraseolóxico ao propiamente textual e traditolóxico, especialmente no tocante aos aspectos pragmáticos e á deixé. Talvez nun futuro non moi afastado se poida dispoñer deste recurso.

Finalmente, convén sinalar que escasean os estudos de fraseoloxía contrastiva ruso-español. Ata o momento apenas se investigou sobre os fraseoloxismos de cor, nin tampouco se aplicou a metodoloxía de corpus ou se empregou a rede como corpus (*web corpus*, en inglés) para a análise contrastiva de unidades fraseolóxicas e a súa tradución en ruso e en español. De feito, este traballo podería considerarse como unha das primeiras aproximacións á fraseoloxía contrastiva con corpus no par de linguas ruso-español. Esperamos ter podido contribuír á apertura dunha nova vía para a fraseoloxía contrastiva dende este novo paradigma de investigación.

¹⁶ Esta aseveración refírese ás UF con *negro* en español e os seus equivalentes en ruso. Para poder valorar a riqueza de cada lingua en abstracto ou de forma xeral, habería que abrir a análise contrastiva a outras expresións que vehiculasen o mesmo sentido, aínda que se recorra a outros compoñentes equivalentes (distintos de *negro*).

7. Bibliografía

- ARKHANGEL'SKIJ, Vladimir (1964): *Ustojchivye frazi v sovremennom russkom yazike* [Устойчивые фразы в современном русском языке]. Rostov del Don: Universidade de Rostov del Don.
- ARSENTIEVA, Elena (2006): *Fraseologuija y fraseografía v sopostavitelnom aspecte: (na materiale russkogo y anglijskogo yazikov* [Фразеология и фразеография в сопоставительном аспекте: (на материале рус. и англ. яз.)]. Kazán: Universidade de Kazán.
- BARANOV, Anatolij; DOBROVOL'SKIJ, Dimitrij (2008): *Aspekti teorii fraseologuii* [Аспекты теории фразеологии]. Moscú: Znak. Dispoñible tradución en galego *Aspectos teóricos da fraseoloxía* por Fernando de Castro García (2009). Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Xunta de Galicia.
- BERLIN, Brent; KAY, Paul (1969): *Basic Color Terms: their Universality and Evolution*. Berkeley e Los Angeles: University of California Press.
- CORPAS PASTOR, Gloria (1996): *Manual de fraseología española*. (Biblioteca Románica Hispánica. Manuales, 76). Madrid: Gredos.
- (2000): *Las lenguas de Europa: Estudios de fraseología, fraseografía y traducción*. Granada: Editorial Comares.
- (2003): *Diez años de investigación en fraseología: análisis sintáctico-semánticos, contrastivos y traductológicos*. Madrid-Fráncfort: Iberoamericana-Vervuert.
- (2008): *Traducir con corpus: los retos de un nuevo paradigma*. Fráncfort: Peter Lang.
- (2013): “Detección, descripción y contraste de las unidades fraseológicas mediante tecnologías lingüísticas” en OLZA, Inés; MANERO, Elvira (eds.) (2013): *Fraseopragmática*. Berlín: Frank & Timme; 335-373.
- (2014): “El fraseólogo internauta: cómo pasarlo pipa en la red” en SEVILLA MUÑOZ, Julia (ed.) (2014/en prensa): *Fraseología y paremiología: enfoques y aplicaciones*. Madrid: Instituto Cervantes; 133-152.
- CHELMI, Evlampia (2009): “Fraseologismos en blanco y negro en griego moderno y en español” en *Paremia*; 209-216.
- FELITSINA, Vera et al. ([1990] 1994): *Russkie fraseologismi*. [Русские фразеологизмы]. Moscú: Russkij yazik. [RF]
- GHOLOBOVA, Anna (2005): *Fraseologicheskie edinitsi biblejskogo proishogdenija v anglijskom, ispanskom i russkom jazikah* [Фразеологические единицы библейского происхождения в английском, испанском и русском языках]. Tese de doutoramento. Kazán: Universidad de Kazán.
- GUILLÉN MONJE, Gonzalo (2004). *Fraseología contrastiva ruso-española: análisis del corpus bilingüe de somatismos*. Tese de doutoramento. Universidade de Granada.
- KIR'IANOV, Sergéi (2005): *Semantiko-stilisticheskij potentsial fraseologicheskikh edinitis s koloronimom v kvebekskom i metropol'nom variante frantsuzskogo yazika*. [Семантико-стилистический потенциал фразеологических единиц с колоронимом в квебекском и метропольном варианте французского языка]. Tese de doutoramento. Moscú: Universidad Estatal Pedagógico de Moscú.

- KONINGSBERG, Ira (2004): *Diccionario técnico Akal de cine*. Madrid: Akal. (Traducido por Enrique Herrando Pérez e Francisco López Martín). [DTAC]
- KÜPPERS, Harald (1972). *Farbe-Ursprung, Systematik, Anwendung*. Múnich: George Callwey.
- LI, An'fen (2009): *Russkie fraseologicheskie edinitsi s tsvetovim komponentom na fone kitajskoj lingvakul'turi* [Русские фразеологические единицы с цветовым компонентом на фоне китайской лингвокультуры]. Tese de doutoramento. Moscú: Universidad Rusa de la Amistad de los Pueblos.
- L'UKINA, Elena (2004): *Nominativnoe prostranstvo fraseologicheskikh edinits s komponentami tsvetooboznacheniya v nemetskom i anglijskom yazikah* [Номинативное пространство фразеологических единиц с компонентами цветообозначения в немецком и английском языках]. Tese de doutoramento. Moscú: Universidad Rusa de la Amistad de los Pueblos e a Universidade Lingüística Estatal de Moscú.
- MELLADO BLANCO, Carmen (1997): "Fraseologismos alemanes y españoles del campo de las emociones" en *Paremia*, 6, 383-388.
- (2000): "Formas estereotipadas de realización no verbal en alemán y español: los cinegramas desde un enfoque contrastivo-histórico" en CORPAS PASTOR, Gloria (ed.) (2000): *Las lenguas de Europa: Estudios de Fraseología, Fraseografía y Traducción*. 1ª edición. Granada: Editorial Comares; 389-410.
- MOLINER, María ([1998] 2007): *Diccionario de uso del español*. 3ª ed. Madrid: Gredos. [En liña]. [<http://www.diclib.com>]. [DUE].
- MOLOTKOV, Alexandr et al. (1967): *Fraseologicheskij slovar' russkogo yazika* [Фразеологический словарь русского языка]. Moscú: Russkij yazik. [FSRY]
- NAZIROVA, Mavdzhuda (2009): *Fraseologicheskie edinitsi s komponentom tsvetoobrazovaniya anglijskogo, russkogo i tadgikskogo yazikov* [Фразеологические единицы с компонентом цветообразования английского, русского и таджикского языков]. Tese de doutoramento. Dusambé: Universidade Estatal de Dusambé.
- NEDEL'CHO, Elena (2000): *Structurno-semanticheskaya haracteristica russkikh paremij s komponentami tsvetooboznacheniya* [Структурно-семантическая характеристика русских паремий с компонентами цветообозначения]. Kostromá: Universidade de Kostromá.
- OZHEGOV, Sergéi; SHVEDOVA, Natalia (1992): *Tolkovij slovar' russkogo yazika* [Толковый словарь русского языка]. Moscú: Az. [TSRJ]
- PENADES MARTÍNEZ, Inmaculada (2005): *Diccionario de locuciones adverbiales para la enseñanza del español*. Madrid: Arco/Libros. [DLAEE]
- PETKELITE, Kristina (2011): *Kognitivnie osnovi formirovaniya znacheniya ustoychivih sochetanij s komponentom tsvetooboznacheniem* [Когнитивные основы формирования значения устойчивых сочетаний с компонентом цветообозначением]. Tese de doutoramento. Kaliningrado: Universidade Federal de Báltica.

- PRACHENKO, Oksana (2004): *Fraseologicheskie edinitsi s kolotativnim komponentom v russkom, anglijskom, ispanskom i portugal'skom yazikah* [Фразеологические единицы с колоротивным компонентом в русском, английском, испанском и португальском языках]. Tese de doutoramento. Kazán: Universidad Estatal de Kazán.
- REAL ACADEMIA ESPAÑOLA (2001): *Diccionario de la lengua española*, 22ª ed. Madrid: Espasa. [DRAE]
- ROGULINA, Elena (2006): *Natsional'no-kul'turnaya semantika tsveta v ispanskoj fraseologii na materiale pireneiskogo dialecta natsional'nogo varianta ispanskogo yazika* [Национально-культурная семантика цвета в испанской фразеологии на материале пиренейского национального диалекта национального варианта испанского языка]. Tese de doutoramento. Moscú: Universidade Estatal de Moscú.
- SAFINA, Zarema (2004): *Kognitivno-lexicograficheskoe opisaniye fraseologicheskikh edinits s komponentom tsveta: na materiale anglijskogo, russkogo y bashkirskogo yazikov* [Когнитивно-лексикографическое описание фразеологических единиц с компонентом цвета на материале английского, русского и башкирского языка]. Tese de doutoramento. Ufá: Universidade Estatal de Bashkir.
- SAUNDERS, Barbara (2000): "Revisiting Basic Color Terms" en *The Journal of the Royal Anthropological Institute*; 6, 81-99.
- SECO, Manuel; ANDRÉS, Olimpia; RAMOS, Gabino (1999): *Diccionario del español actual*. Madrid: Aguilar. [DEA]
- ([2004] 2006): *Diccionario fraseológico documentado del español actual: Locuciones y modismos españoles*. 2ª ed. Madrid: Santillana. [DFDEA]
- SHANSKIY, Nikolái (1957): *Lexica y fraseologuiya sovremennogo russkogo yazika* [Лексика и фразеология современного русского языка]. Moscú: UCHPEDGIZ.
- (1963): *Fraseologuiya sovremennogo russkogo yazika* [Фразеология современного русского языка]. Moscú: Visshaja shkola.
- SHEPELEVA, Evgénija (2009): "Osobennosti perevoda fraseologismov" [Особенности перевода фразеологизмов] en *Izvestia*. Penza: Universidad Estatal Pedagógico de Penza; 68-72.
- SHEVCHENKO, Elizaveta (2007): *Kognitivnie aspekti fraseologicheskikh edinits soderzhaschih komponent tsvet, v sovremennom anglijskom yazike* [Когнитивные аспекты фразеологических единиц, содержащих компонент цвет, в современном английском языке]. Tese de doutoramento Moscú: Universidade Estatal de Rusia.
- SMIRNITSKIY, Aleksandr; Akhmanova Ol'ga (1985): *Russko-anglijskij slovar* [Русско-английский словарь]. 13ª ed. revisada e ampliada. Moscú: Russkij Yazyk.
- SZALEK, Jerzy (2005): "Los colores y su semántica en las expresiones fraseológicas españolas" en *Studia Romanica Posnanienska*, 32; 87-96.
- TATOJ, Cecylia (2006): "El concepto del 'color' en los fraseologismos españoles y polacos" en *Neophilologica*, 18; 123-130.

- TELIA, Veronika (1996): *Russkaja fraseologuija* [Русская фразеология]. Moscú: Shkola “Yazyki russkoj kultury”.
- TIMOFEEVA, Larisa (2008): *Acerca de los aspectos traductológicos de la fraseología española*. Tese de doutoramento. Alicante: Universidade de Alicante.
- TUROVER, Guenrikh; NOGUEIRA, Justo (2000): *Gran Diccionario Ruso-español* [Большой русско-испанский словарь]. Madrid: Rubiños-1860. [GDRE]
- VARELA, Fernando; KUBARTH, Hugo (1994). *Diccionario fraseológico del español moderno*. Madrid: Gredos. [DFEM]
- VINOGRADOV, Viktor ([1946] 1977): “Osnovnyje ponjatija russkoj fraseologuii kak lingvisticheskoj distsipliny” [Основные понятия русской фразеологии как лингвистической дисциплины] en Vinogradov, V. (1977) *Izbrannye trudy. Leksikologiya i lexicografija* [Izbrannie trudi. Lexicologia i lexicografia]. Moscú: Nauka.
- ([1947] 1977): “Ob osnovnykh tipakh fraseologuicheskikh edinit v russkom jasyke” [Об основных типах фразеологических единиц в русском языке] en Vinogradov, V. (1977): *Izbrannye trudy. Leksikologiya i lexicografija* [Izbrannie trudi. Lexicologia i lexicografia]. Moscú: Nauka.
- ZAGORSKAYA, Natalia et al. (2010): *Gran diccionario español-ruso* [Большой испанско-русский словарь]. Moscú: Drofa. [GDER]
- ZAKIROV, Ráfis (2003): *Fraseologicheskie edinitsi s komponentom tsvetoobrazovaniya v anglijskom, russkom i tatarskom yazikah* [Фразеологические единицы с компонентом цветообразования в английском, русском и татарском языках]. Tese de doutoramento. Kazán: Universidad Estatal de Kazán.
- ZAVIALOVA, Natalia (2007): *Fraseologismi s componentom tsveta kak otrazhenie yaponskoj, anglijsloj i russkoj kartin mira* [Фразеологизмы с компонентом цвета как отражение японской, английской и русской картин мира]. Tese de doutoramento. Ekaterimburgo: Universidade Pedagóxica Estatal dos Urais.
- ZHOLOBOVA, Anna (2011): *Unidades fraseológicas de origen bíblico en español y ruso*. Tese de doutoramento. Granada: Universidade de Granada.
- ZOL’NIKOVA, Yulia (2010): *Tsvetovie fraseologismi kak fragment idiomaticheskoy kartin mira russkogo i nemetskogo yazikov* [Цветовые фразеологизмы как фрагмент идиоматической картины мира русского и немецкого языков]. Tese de doutoramento. Tiumén: Universidade Estatal de Tiumén.

